

## REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

### Artigo 5.-Dereito á información xeral.

1. Tódolos concelleiros teñen dereito a requiriren da Alcaldía e da xunta de goberno local os datos, informes e documentos que estean en poder -ou dos que dispoñan- os órganos e servicios da corporación e que sexan necesarios para o cumprimento das súas funcións, e nomeadamente para a función de control e fiscalización dos órganos de goberno ou da administración municipal.

### Artigo 11.-Declaración de bens e actividades.

1. Os concelleiros están obrigados a declararen sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles xere ou lles poida xerar ingresos económicos do mesmo xeito que sobre dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por Blas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

4. As declaracións deberanse presentar antes da toma de posesión do cargo, con ocasión do cese e o fin do mandato, mais tamén haberán de se presentar durante o mandato cando se produza unha variación patrimonial ou no exercicio de actividades privadas. Neste último caso, o prazo para presenta-la declaración será dun mes a partir de que se produza a variación.

### Artigo 13.-O grupo mixto. Concelleiros non adscritos.

2. Os concelleiros que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o grupo político do que formaban parte inicialmente terán a consideración de membros nons adscritos.

### Artigo 16.-Órganos básicos e órganos complementarios.

Os órganos básicos do Concello son os seguintes:

(...)

c) A xunta de goberno local.

(...)

### Artigo 18.-Delegación de competencias na xunta de goberno local.

1. O alcalde e o Pleno da corporación poderán delegar na xunta de goberno local as competencias que as leis prevén.

2. A delegación de competencias do Pleno na xunta de goberno local require o voto favorable da maioría do número legal de membros da corporación.

## Artigo 19.-Réxime de sesións do Pleno

1. O Pleno da corporación reunirse en sesión ordinaria con periodicidade bimensual. O propio Pleno fixará, ó comezo de cada lexislatura, as datas e horas nas que se cumpra esta periodicidade. Este acordo poderá modificarse por outro ou outros posteriores ó tongo do mandato do que se trate. A Alcaldía, no exercicio da súa facultade de convocar as sesións plenarias, poderá variar a data de celebración das sesións ordinarias nun máximo de quince días antes ou despois, por causas debidamente xustificadas.

4.-As sesións ordinarias abrangerán dúas partes, unha primeira de carácter resolutiva, e outra segunda con substantividade propia e diferenciada da parte resolutiva, dedicada ó control dos órganos da corporación, garantíndose efectivamente a participación de tódolos grupos concelleiros na formulación de rogos e preguntas e mocións coa seguinte estrutura

### CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- Dar conta das resolucións adoptadas dende a última sesión pola Alcaldía, xunta de goberno local e, no seu caso, polos concelleiros-delegados.

- Mocións.

- Rogos e preguntas.

## Artigo 27.-Coñecemento das resolucións da Alcaldía, da xunta de goberno local e dos concelleiros-delegados.

1. Na orde do día de tódalas sesións ordinarias do Pleno incluírase sempre un apartado ó principio da parte destinada ó control e fiscalización dos órganos da corporación, no que se porán en coñecemento do Pleno tódalas resolucións adoptadas pola Alcaldía, pola xunta de goberno local e concelleiros-delegados, desde a data da sesión ordinaria anterior.

2. Con esa finalidade, o expediente da sesión incorporará unha relación ou copia de tódalas resolucións adoptadas pola Alcaldía, xunta de goberno local e concelleiros-delegados.

## CAPÍTULO II. AS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### Artigo 31.-Réxime de sesións da xunta de goberno local.

1. A xunta de goberno local reunirse en sesión ordinaria no lugar e data que fixe a Alcaldía para cada lexislatura, decisión que pode ser modificada ó longo da mesma lexislatura. A xunta reunirse en sesión extraordinaria cando o decida o alcalde.

2. O alcalde dirixirá e ordenará os debates que se produzan no seo da xunta de goberno local.

### Artigo 32.-Publicidade das actas e dos acordos.

1. As sesións da xunta de goberno local non serán públicas, sen prexuízo da publicidade, e da comunicación das súas actas e da notificación dos seus acordos.
2. As actas das sesións da xunta de goberno local remeseránselles a tódolos concelleiros da corporación no prazo de dez días desde que tivesen lugar as devanditas sesións, sempre que na acta da que se trate estivese contida algunha resolución.
3. As actas das sesións da xunta de goberno local expóranse no taboleiro de edictos da corporación durante un prazo de quince días.

#### Artigo 33.-Réxime de sesións das comisións informativas.

1. As comisións informativas permanentes reunirase bimensualmente os mesmos meses nos que o Pleno celebre xunta ordinaria. As reunións celebraranse sempre que teñan de ser dictamina-los asuntos da súa competencia que vaia resolve-lo Pleno na sesión seguinte. Asemade reuniranse para dictaminar os asuntos delegados polo Pleno da corporación na Alcaldía ou na xunta de goberno local.

#### CAPÍTULO IV. AS ACTAS DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

##### Artigo 35.-Actas das sesións.

O secretario xeral da corporación porá por escrito as actas das sesións do Pleno e da xunta de goberno local do Concello (...)

2. Os concelleiros teñen dereito a que se transcriban integramente as súas propias intervencións ou unha parte delas, sempre que acheguen no acto o texto das mesmas.

##### Artigo 37.-Libros de actas.

As actas das sesións do Pleno e da xunta de goberno local transcribíranse ós libros empregando medios mecánicos composto por follas móbiles que haberán cumpri-las regras contidas nos artigos 199 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, e os Decretos da Xunta de Galicia 101/1983, do 14 de xullo, e 85/1987, do 14 de abril.